

Concurso: Á caza da gralla



O 13 de marzo celébrase o **Día Mundial Sen Faltas de Ortografía**, mais a **Brigada Antigralas Sapoconchil (BAS)** considera que un día non chega a nada e, por iso, convoca a III edición do concurso **Á caza da gralla ortográfica**. Fixádevos ben na vosa contorna, de seguro que atoparedes erros lingüísticos no lugar menos pensado!

Para participar no concurso, cómpre cubrir a ficha de participación (que se atopa en conserxería ou na páxina web da escola), indicando:

- Nome da/o participante e curso.
- A fotografía inédita e propia.
- A gralla encontrada e a súa corrección.

Cada participante poderá achegar un máximo de dúas fotografías.

A **data límite** de entrega é o **venres 21 de abril** ás **12h** do mediodía.

Todas as fotografías recibidas que conteñan unha gralla ortográfica comprobada entrarán na urna que estará exposta en Conserxería. O día **24 de abril** celebrárase o **sorteo** para sabermos quen será o afortunado ou afortunada que levará para a casa **un fantástico Ebook**. Alén diso, **todos os participantes recibirán un pequeno agasallo** pola captura dun cazapo lingüístico.

Boa e proveitosa caza!